



Ría de Vigo  
e Baixo Miño  
xeodestino

# FOLLA DE RUTA

galiciã

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA



A Guarda



Baiona



Fornelos de Montes



Gondomar



Mos



Ni gran



O Porriño



O Rosal



Oia



Pazos de Borbén



Redon de la



Soutomaior

Tomíño

Tomíño



Tui

## Plantexamento estratéxico

A Estratexia de Turismo do xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño ten como finalidade última a **creación de produto turístico** baseado nos principais atributos do territorio.

Polo tanto, a partir da información recabada durante o proceso participativo de diagnose e unha vez definidos os principais elementos diferenciadores, faise unha proposta de 10 produtos ou tipoloxías de produto.

A principal función do ente xestor do xeodestino é a difusión e visibilización destes 10 produtos ou liñas de traballo, que serán os que definan realmente o posicionamento do territorio. A súa implantación e desenvolvemento será paulatina e progresiva nos vindeiros anos

## Liñas de traballo

### **Histórico – cultural:**

Posta en marcha dun marco de traballo que realice un **percorrido pola historia** do territorio que ocupa o xeo destino Ría de Vigo e Baixo Miño (situándoo e contextualizándoo dentro da traxectoria histórica de Galicia e a súa relación con Portugal), artellada a través das diferentes etapas (desde o megalítico ata o século XXI, pasando pola romanización, o medievo ou a idade moderna).

O obxectivo é impulsar a creación de produto turístico que evidencie a importancia do rol **desempeñado na historia de Galicia** polo territorio no cal está enclavado o xeo destino, desenvolvendo iniciativas baseadas na súa gran riqueza patrimonial e creando **experiencias en torno a fitos e momentos históricos**.

## Liñas de traballo

### A pedra:

Uso da pedra como eixe temático para artellar produto turístico, mediante a visibilización e valorización do feito de que en Ría de Vigo e Baixo Miño se pode afondar en todo o seu **ciclo integral**, desde fases extractivas e transformadoras, ata a súa utilización en cantarías e construcións de diversa índole.

Preténdese utilizar a pedra como nexo común entre diferentes etapas históricas (desde os primeiros poboadores responsables dos gravados en rochas espalladas por todo o territorio do actual xeodestino ata as modernas canteiras de granito, pasando polos castros, castelos e arquitectura relixiosa e civil), artellando un produto que inclúa aos 14 municipios e que sexa **coherente co relato histórico** deseñado no marco do produto descrito no apartado anterior.

# Liñas de traballo

## Camiño de Santiago:

Deseño dun conxunto de accións encamiñadas a xerar nos peregrinos e peregrinas a necesidade de volver ao territorio ou de repetir a ruta no futuro, establecendo vínculos con outros elementos diferenciadores no contorno. O Camiño de Santiago, como buque insignia e ferramenta de posicionamento de Galicia no mundo, debe ser aproveitado para dar a coñecer Ría de Vigo e Baixo Miño ás persoas de todo o mundo que peregrinan percorrendo os concellos do xeodestino.

O obxectivo é **aproveitar o auxe do Camiño Portugués**, con cifras históricas de crecemento nos últimos anos, para poñer en marcha unha serie de medidas dirixidas a **augmentar a estancia post Camiño das persoas que peregrinan**, visibilizando os principais atractivos do contorno das dúas variantes oficiais que percorren o xeodestino.

## Liñas de traballo

### A fronteira:

**Valorización do río Miño** como eixe vertebrador que conectou historicamente as realidades dos dous países, cun especial énfase no contorno natural e dotando ao produto dun carácter cultural e inmaterial, dando cabida a recursos do outro lado da fronteira.

As accións enmarcadas nesta liña de traballo non se cinguirán exclusivamente aos concellos de ribeira do Miño, senón que é especialmente importante involucrar aos concellos do norte da ría para que sexan os primeiros prescritores que acheguen aos turistas á fronteira. Para isto, aproveitaranse conexións históricas para trasladar que o xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño é, de forma integral, un xeodestino fronteirizo.

## Liñas de traballo

### **Paisaxe e natureza:**

Promoción de Ría de Vigo e Baixo Miño como destino de natureza e **aproveitamento do atractivo paisaxístico** do xeodestino para a súa valorización desde o punto de vista turístico, coa aposta pola sustentabilidade e a preservación dos espazos naturais como obxectivos irrenunciáveis.

Á hora de visibilizar os diferentes recursos do xeodestino primará a definición de rutas artelladas en torno a miradoiros e áreas de especial interese paisaxístico, **lugares singulares desde o punto de vista natural** que dotan ao conxunto dun forte compoñente visual.

## Liñas de traballo

### A auga:

Aproveitamento dos recursos naturais (marítimos e fluviais) presentes no xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño para o fomento dun turismo que sitúe á **auga como eixe protagonista e xerador de experiencias**.

Deseñaranse **actividades baseadas en recursos hídricos dos 14 concellos**, cun rol estratéxico da ría de Vigo (especialmente no fondo de ría) e do río Miño como eixe vertebrador transfronteirizo, pero tamén doutros ríos, fervezas, encoros, praias ou elementos patrimoniais ou etnográficos vencellados á auga.



## Liñas de traballo

### Turismo familiar:

Impulso á creación de produto turístico arredor de recursos e actividades orientadas a toda a familia, outorgando un papel protagonista aos nenos e nenas. Artellarase unha oferta diferenciada e con capacidade de fidelización, en base ás empresas que prestan servizos adaptados e que contan con **propostas específicas para as familias**.

O obxectivo é posicionar ao xeo destino neste segmento, mediante o deseño de **experiencias aptas para todas as idades** e facilitando ás familias a identificación das empresas e recursos turísticos máis adaptados ás súas necesidades.

## Liñas de traballo

### Enogastronomía:

Aposta pola enogastronomía como eixe central á hora de artellar produto, en base ao potencial vitivinícola e ao entramado de festas gastronómicas do xeo destino. A gastronomía e o viño conectan con outros atributos diferenciadores de Galicia, desde a identidade cultural ata a paisaxe, para conformar unha oferta singular, sustentable e desestacionalizadora que combina tradición e innovación.

Tal e como indica a Estratexia de Turismo de Galicia, a **enogastronomía** debe ser un dos **elementos tractores** que permita alongar as tempadas do sector turístico, polo que é preciso definir estratexias de comercialización que a sitúen como motivación principal de visita.

## Liñas de traballo

### Turismo deportivo:

Aproveitamento da **oferta de turismo activo e das probas deportivas** existentes en territorio de Ría de Vigo e Baixo Miño para potencialo como un xeodestino de referencia en turismo deportivo.

Trátase dun sector en constante crecemento nos últimos anos e cunha **gran capacidade desestacionalizadora**. O deporte atrae ás persoas que o practican pero tamén a aquelas que o prefiren vivir como espectadoras. O obxectivo é aproveitar o auxe dos hábitos saudables e a práctica deportiva para atraer visitantes en fins de semana de todo o ano.

## Liñas de traballo

### As festas:

Impulso turístico ás festas e ao patrimonio inmaterial vinculado ás mesmas, dando cabida ás Festas de Interese Turístico e a un variado elenco de eventos culturais, gastronómicos e relixiosos.

Preténdese **aproveitar o compoñente tradicional das festas** para artellar un relato ou storytelling que poña en valor a autenticidade e singularidade do territorio, que supoña un **nexo de unión entre a comunidade local e os visitantes** e que sirva como complemento a outras propostas de produto turístico.

É tamén de especial relevancia o **poder de atracción dos festivais**, como fenómeno que deixa un impacto económico e social e que achega ao territorio a usuarios e usuarias que buscan unha experiencia completa, non só o desfrute da disciplina artística en cuestión.



Ría de Vigo  
e Baixo Miño  
xeodestino

# FOLLA DE RUTA

galicia Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA



A Guarda



Baiona



Fornelos de Montes



Gondomar



Mos



Ni gran



O Porriño



O Rosal



Oia



Pazos de Borbén



Redon de la



Soutomaior



Tomiño



Tui